

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 20 de decembro de 2010

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Carlos López Font

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira

D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.10 horas do día vinte de decembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación a Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2078).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

A) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RCA Nº 71/08 P.O. DEMANDANTE: D^a M^a AUXILIADORA ALONSO HERMIDA. OBXECTO: RESOLUCIÓN 28.11.07. ESTIMACIÓN PARCIAL. EN SEGUNDA INSTANCIA APELACIÓN 4481/2009. RESOLVE A APELACIÓN DA CODEMANDADA (ASEGURADORA MUNICIPAL,

CONTRA A DE INSTANCIA, ESTÍMAA PARCIALMENTE E FIXA A INDEMNIZACIÓN. EXPTE. 4235/111.

B) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 160/10 P.A. DEMANDANTE: Dª EVA RIVAS REY. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA QUE ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO FIXANDO A CONTÍA DA SANCIÓN. EXPTE. 6092/111.

C) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RCA Nº 448/07 P.O. DEMANDANTE: C-P RÚA B. AIRES Nº 6. OBXECTO: INVESTIGACIÓN SOBRE TITULARIDADE DA RÚA ALFONSO ALVAREZ VÁZQUEZ. SENTENZA DESETIMATORIA. EN 2ª INSTANCIA APELACIÓN 4226/2010, ESTA SENTENZA RESOLVE A APELACIÓN DO DEMANDANTE CONTRA A SENTENZA DE INSTANCIA CON DESESTIMACIÓN DO RECURSO E CONFIRMACIÓN DA SENTENZA INICIAL E CUSTAS DE OFICIO. EXPTE. 3999/111.

D) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RCA Nº 304/10 P.A. DEMANDANTE: D. VICTOR CARIDE ABALDE. OBXECTO: INEXECUCIÓN DE ACTO DO 8.10.2008, CON IMPUTACIÓN Á CONCESIONARIA CESPAS, S.A. SENTENZA, NON FIRME, ESTIMA O RECURSO E CONDENA AO CONCELLO A REALIZAR AS ACCIÓNS NECESARIAS PARA EXECUTAR. EXPTE. 6119/111.

E) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 189/10 P.A. DEMANDANTE: D. CESAR PÉREZ MARTÍNEZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6097/111.

F) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 69/10 P.A. DEMANDANTE: D. ALBERTO BARROS FERNÁNDEZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5656/111.

G) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RCA Nº 297/10 P.A. DEMANDANTE: D. JOSE A. CHAYÁN ESCUDEIRO. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6107/111.

H) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RCA Nº 315/10 P.A. DEMANDANTE: CESPAS, S.A. OBXECTO: RESOLUCIÓN 22.04.2010, ESTIMACIÓN E IMPUTACIÓN Ó CONTRATISTA. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6123/111.

I) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RCA Nº 311/10 P.A. DEMANDANTE: D^a EVA M^a SILVA CHAPELA. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6126/111.

L) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 195/10 P.A. DEMANDANTE: D. LUIS MANUEL BLANCO RODRÍGUEZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6139/111.

M) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RCA Nº 265/10 P.A. DEMANDANTE: D. DIEGO MÉNDEZ MONTERO. OBXECTO: ACCIDENTE VEHÍCULO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6080/111.

N) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 156/10 P.A. DEMANDANTE: AXA SEGUROS GENERALES, S.A. OBXECTO: ASOLAGAMENTO NA AVDA. FLORIDA, 157. TER POR DESISTIDA Á DEMANDANTE, ESTIMATORIA CON IMPUTACIÓN Á CONCESIONARIA. EXPTE. 6140/111.

Ñ) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RCA Nº 452/10 P.A. DEMANDANTE: D^ab M^a BELEN FRANCO RIVAS. OBXECTO: ACCIDENTE DE MOTO. ACEPTA O DESISTIMENTO DA ACTORA. EXPTE. 6276/111.

O) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 65/09 P.A. DEMANDANTE: D. ALFONSO FERNÁNDEZ PORTAS. OBXECTO: RESOLUCIÓN DA DA DELEGACIÓN PROV. DA CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA DO 19.12.08 SOBRE SELECCIÓN PERSOAL. EN 2ª INSTANCIA APELACIÓN 674/09. ESTIMA A APELACIÓN DA XUNTA DE GALICIA, REVOGA A SENTENZA E DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5182/111.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local toma conta das anteditas sentenzas e autos.

2(2079).- REVISIÓN DE PREZOS, FEBREIRO 2009-2010 DO CONTRATO COA FUNDACIÓN ALDABA, ASISTENCIA TÉCNICA PARA REALIZACIÓN DO DISPOSITIVO ATENCIÓN Á INFANCIA E FAMILIA. EXPTE. 58482/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, do 30-11-2010, conformado pola concelleira delegada da área de Benestar Social e da concelleira de Facenda, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 14.12.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“En execución do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dun dispositivo de atención a infancia e a familia, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de data 26 de febreiro de 2007, a nome de FUNDACIÓN ALDABA, CIF. G82453606, disposición de crédito por importe de 4.021,13€, na partida 2130.226.09.07, como incremento do prezo de contrato, por efecto da revisión de prezos no período febreiro 2009-febreiro 2010. O prezo revisado para o período marzo 2010-abril 2011 é de 506.662,44€”.

3(2080).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L., POLOS SERVICIOS DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO INTEGRAL NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS NOS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO DO PRESENTE ANO. EXPTE. 9155/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de administración. especial, do 13-12-2010, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e co informe do Interventor Xeral do 14.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.” (SAMYL S.L.) por un importe de **162.894,92 euros** co IVE engadido, como pago das facturas correspondentes aos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral nos cemiterios municipais nos meses de xaneiro a outubro do presente ano, con cargo á **partida orzamentaria 1640.2279900** do vixente exercicio

4(2081).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACIÓNS DOS COLEXIOS PÚBLICOS. EXPTE. 7126/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de administración especial, do 29-11-2010, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e co informe do Interventor Xeral do 14.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (Lotes I,II e III) dos colexios públicos do concello de Vigo, adxudicado a "Dalkia Energía y Servicios, S.A.", establecendo iste para o período comprendido ente o 1 de xaneiro a 31 de decembro e 2010, na cantidade de 30.656,56 euros.

Segundo.- Recoñecer á empresa adxudicataria pola diferenza entre o prezo facturado e o prezo revisado a cantidade de 503,24 euros.

Terceiro.- O gasto anterior poderá imputarse a partida presupostaria 3210.2130000.

5(2082).- ALLEAMENTO DE 27 VEHÍCULOS PARA CHATARRA QUE SE ATOPAN NO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 3447/241.

1.Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Xefe da oficina administrativa de Contratación do 03-12-2010, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Allear para chatarra 27 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- 1) As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- 2) Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- 3) Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.
- 4) O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterà o seguinte modelo de proposición:

“D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para a venda para chatarra de 27 vehículos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente as condicións para a enaxenación dos 27 vehículos.
- 2.- Propón como prezo para compra dos 27 vehículos o de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.”

6(2083).- ALLEAMENTO DE CHATARRA DEPOSITADA NO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS. EXPTE. 3453/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 13-12-2010, e conforme a Concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Allear a chatarra depositada no Parque Central de Servizos, consistente en:

- Furgoneta PO-4620-AD, cun peso de 975 kgs.
- Motocileta PO-3008-BM, cun peso de 240 kgs.
- Camión PO-2330-AG, cun peso de 10.000 kgs.
- Chatarra diversa de ferro, cun peso aprox. de 20.000 kgs.
- Retais de cable de cobre illado, nos que está incluído o illamento, cun total estimado de 500 kgs. A pesaxe efectuarase co cable no seu estado actual, polo que a retirada do illamento e outros procesos serán a cargo do adxudicatario.
- Idem. Idem. retais de cable de aluminio illado, cun peso estimado de 1.000 kgs.

Solicitar oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- 5) As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- 6) Non se fixa tipo de licitación.
- 7) Os ofertantes aportarán prezos para a retirada de cada unha destas partidas, tendo en conta que serán ó seu cargo os custos de seccionamento, carga, temas administrativos, etc.
- 8) A pexaxe efectuarase no Parque Central, utilizando a súa báscula. O cable pesarase no seu estado actual, polo que a retirada do illamento e outros procesos será a cargo do adxudicatario.
- 9) A retirada das chatarras realizarase entre as 9.00 e as 14.00 horas, agás que o Parque Central autorice puntualmente un horario distinto por razóns xustificadas.
- 10) O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterà o seguinte modelo de proposición:

“D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para o alleamento de chatarra do Parque Central de Servizos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

1.- Que acepta integramente as condicións para o alleamento.

2.- Propón como prezos os seguintes:

- Furgoneta PO-4620-AD euros
- Motocileta PO-3008-BM euros
- Camión PO-2330-AG euros
- Chatarra de ferro euros/kg.
- Retais de cable de cobre euros/kg.
- Retais de cable de aluminio euros/kg.

Lugar, data e sinatura do licitador.”

7(2084).- CORRECCIÓN DE ERRO EN DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A MOBILIARIO URBANO, S.A. EXPTE. 3108/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de contratación do 13-12-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Corrixi-lo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 26 de novembro de 2010, polo que se aprobaba a devolución de garantía a El Mobiliario Urbano, S.A. Por importe de 2.005,06 euros, constituída para responder de instalación de marquesinas e columnas con publicidade, toda vez que a cantidade exacta é de 3.005,06 euros”.

8(2085).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) ALDASA, S.L. EXPTE. 3436/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de contratación do 10-12-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ALDASA, S.L. , a fianza de 3.857,54 euros, constituída para responder de obras de nova grada no campo de fútbol do Meixoeiro, xa que foron recibidas mediante acta de 23-10-2009 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

B) MOVEXVIAL, S.L. 3436/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de contratación do 14-12-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MOVEXVIAL, S.L , a fianza de 4.998,00 euros constituída para responder da supresión de barreiras arquitectónicas na cidade, xa que as obras foron recibidas por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía”.

C) MOVEXVIAL, S.L. 3436/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de contratación do 14-12-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MOVEXVIAL, S.L , a fianza de 1.415,51 euros constituída para responder da humanización da Rúa Alfonso X El Sabio, xa que as obras foron recibidas por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía”.

9(2086).- AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANON, PRESENTADA POLA ENTIDADE AQUALIA, CORRESPONDENTE AO PERÍODO XANEIRO E ABRIL DE 2010. EXPTE. 36/141.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Investimentos, do 2-12-2010, e co informe do Interventor Xeral de 2.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1º Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período Xaneiro a Abril de 2010 por un importe de 335.752,47€ que corresponde a un volume de facturación 11.191.749m3.
- 2º Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata decembro 2009 por un importe de 2.251,41€.
- 3º Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

10(2087).- MEMORIA VALORADA DE “RECUPERACIÓN DE ZONA DEPORTIVA EN FEIRA (CABRAL)”. EXPTE. 5743/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 15-12-2010, conformado pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobación da memoria valorada do expediente 5743/446: “Recuperación de zona deportiva en Feira (Cabral)”

11(2088).- MEMORIA VALORADA DE “RECUPERACIÓN DE ZONA DEPORTIVA EN GORGUIÑA (CABRAL)”. EXPTE. 5745/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 15-12-2010, conformado pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobación da memoria valorada do expediente 5745/446: “Recuperación de zona deportiva en Gorguiña (Cabral)”

12(2089).- DAR CONTA DOS DEPÓSITOS DE ARQUEOLOXÍA NO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” DURANTE O PERÍODO NOVIEMBRE 2009-2010. EXPTE. 4193/337.

Dáse conta dos depósitos de bens arqueolóxicos realizados no Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, no período comprendido entre o mes de novembro de 2009 e o mes de novembro de 2010, segundo informe do director do Museo do 13.12.2010, conformado polo delegado da área de Patrimonio Histórico.

Nº de expediente museo: 722-337

Lugar de aparición: Xacemento do Monte das Cabanas (Vigo).

Nº de expediente museo: 2514/337

Lugar de aparición: Parcelas 6, 10, 6 anexo e 3 anexo da Unidade de actuación I-06, Rosalía de Castro II da cidade de Vigo. Pontevedra.

Nº de expediente museo: 2583-337

Lugar de aparición: Liñas ATS e MTS á subestación do Castro de Vigo. Rúa Marqués de Alcedo.

Nº de expediente museo: 2745/337

Lugar de aparición: Parcela nº 15 da U.A. nI-06 Rosalía de Castro II

Nº de expediente museo: 2750-337

Lugar de aparición: Planta soto -2 do Centro de Saúde da Rúa Rosalía de Castro

Nº de expediente museo: 2758/337

Lugar de aparición: Parcela 9 da Unidade de Actuación I-06, Rosalía de Castro II

Nº de expediente museo: 2930/337

Lugar de aparición: Inmóble nº 16 da Rúa Real. Casco Vello de Vigo

Nº de expediente museo: 2931/337

Lugar de aparición: Inmóble nº 25 da rúa Real. Casco Vello de Vigo

Nº de expediente museo: 2987/337

Lugar de aparición: Rúa Funil nº 3, Casco Vello de Vigo

Nº de expediente museo: 3221/337

Lugar de aparición: Inmóble nº11 da Rúa de Santiago. Casco Vello de Vigo

Nº de expediente museo: 3452/337

Lugar de aparición: inmóble nº 8, 12 e 14 da Rúa San Sebastián. Casco Vello

Nº de expediente museo: 3457/337

Lugar de aparición: Inmóbles 10-12 da rúa Hortas, Casco Vello de Vigo

Nº de expediente museo: 3562-337

Lugar de aparición: Castro de Vigo, Vigo. Pontevedra.

Nº de expediente museo: 3685/337

Lugar de aparición: Inmóble nº 11-13-17 e 19 da rúa Ferrería e inmóble nº 1, 3, 5, 7 da rúa San Sebastián. Casco Vello

Nº de expediente museo: 3686-337

Lugar de aparición: inmueble nº 6 da Rúa San Sebastián. Casco Vello

Nº de expediente museo: 3786/337

Lugar de aparición: Vivienda unifamiliar no nº 2 do camiño da Xiña, en Castrelos

Nº de expediente museo: 3916-337-337

Lugar de aparición: inmueble nº 33 da Rúa Ferreiría. Casco Vello

Nº de expediente museo: 3989-337

Lugar de aparición: aparcadoiro Policarpo Sanz

Exp. 4020/337

Achádego casual en Monteferro, Nigrán

Exp. 4076/337

Achádego casual no propio xacemento por unha alumna do colexio Santa Tegra. Teis. Vigo, durante unha visita ao xacemento en data: 21-05-2010

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

13(2090).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE IMESAPI POLAR ACTUACIÓNS REALIZADAS CON MOTIVO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL. EXPTE. 79178/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do enxeñeiro técnico municipal, do 29-11-2010, conformado polo xefe da área de Mobilidade, Transportes e Seguridade e do concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva do gasto derivado das actuacións realizadas con motivo da sinalización horizontal e vertical e complementarias a favor de IMESAPI, S.A, con CIF A-28010478 e que figura na factura nº 36200040 que se achega, por un importe total de 99.252,75 euros, con cargo á partida 1330 2279902 (Concesión marcas e viais).

14(2091).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR TRAMITADOS NO MES DE NOVIEMBRE 2010. EXPTE. 334/302.

Dáse conta dos expediente de contrato menor tramitados na OMIC no mes de decembro 2010, segundo informe da xefa de servizo da OMIC, do 3.12.2010, co conforme da concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

324/302. Subministro lonas publicitarias corporativas.

331/302. Taller Reciclaxe programa “Xornadas Consumo Responsable”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

15(2092).- MEMORIA VALORADA CORRESPONDENTE A OBRAS DE LIMPEZA E DESESCOMBRO NO INTERIOR DO CHALET DA VILA ROMANA DE TORALLA DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 5982/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 9-12-2010, conformado polo delegado de área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a “memoria valorada correspondente a obras de limpeza e desescombros no interior do chalet existente na parcela da villa romana de Toralla do Concello de Vigo”, redactada polos arquitectos municipais, Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, que contén un orzamento total de 21.354,46 euros.

16(2093).- DAR CONTA DA INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA DOS BENS E DEREITOS INCLUIDOS NA “ACTUACIÓN ILLADA Nº 2” DO PEPRI DE BOUZAS. EXPTE. 227/413.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 14-12-2010, conformado polo delegado de área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Quedar enterada da incoación do expediente de expropiación forzosa dos bens e dereitos incluídos na “ACTUACIÓN ILLADA Nº 2” do PEPRI de Bouzas, que comprende os catro predios con referencias catastrais nº 0451607NG2705S0001YF, 0451608NG2705S0001GF, 0451605NG2705S0001AF e 0451606NG2705S0001BF, solicitada polo Delegado de área de Patrimonio Histórico e acordada por Resolución do 10.12.2010 do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, de acordo co informe do Director e do TAX da Oficina de Planeamento - Xestión da mesma data.

2º.- Para os efectos indicados no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, instar ao servizo municipal de Intervención a retención do crédito de 320.607,31 euros da partida orzamentaria 3360.6220002, a favor dos titulares do dereito de propiedade de cada predio a expropiar, tendo en conta que os técnicos da Xerencia de Urbanismo estiman como prezo xusto da expropiación de toda a Unidade de actuación o total de 394.124,53 euros, premio de afección incluído.

17(2094).- SOLICITUDE DE PERMUTA DE D^a JULITA SANTIAGO BOSCH CON FUNCIONARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 20306/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de Recursos Humanos, do 13-12-2010, co conforme da xefa da área de Réxime Interior, e co conforme do concelleiro delegado de área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Autorizar a permuta solicitada en escrito de data 19 de xaneiro do 2010, pola funcionaria municipal D^a Julita Santiago Bosch, con DNI 52.497.325-D e nº de persoal 80570, auxiliar de administración xeral adscrita ao Servizo de Turismo e Comercio, coa funcionaria de carreira da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra D^a Antía Mosquera González, con DNI nº 36.159.127-E, axuliar de administración xeral do citado organismo, verificado o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos ao efecto e de conformidade co informe favorable da citada entidade local de data 29 de novembro do 2010 (documento nº 100156868) e do Concello de Vigo contido na precedente proposta, tendo a mesma efectos económicos e administrativos do próximo 1 de xaneiro do 2011.

Segundo.- Notifíquese o presente aos interesados/as, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), Xefatura da Área de Réxime Interior, Planificación e Organización, Xefatura do Servizo de Turismo, Excm. Deputación Provincial de Pontevedra (Servizo de Recursos Humanos e Formación) aos efectos oportunos.

Terceiro.- Solicitar da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra a expedición de copia completa e autenticada do expediente persoal da funcionaria D^a Antía Mosquera González, dispoñendo a remisión de copia do expediente persoal da funcionaria D^a Julita Santiago Bosch á citada entidade local.

Cuarto.- Informar aos funcionarios permutantes que, de conformidade co disposto no artigo artigo 62 do Decreto 315/1964, de 7 de febreiro, da Lei de Funcionarios Civís do Estado, no prazo de 10 anos a partir da concesión da presente permuta non poderá autorizarse outra a calquera dos interesados.

18(2095).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO 7.12.2010 DO CONCELLEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL, AUTORIZANDO UN PERMISO RETRIBUIDO A D. JOSE M^a ALVAREZ DOMINGUEZ. EXPTE. 20312/220.

Dáse conta da Resolución do 7-12-2020 do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal co informe proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos do 7.12.2010.

Con data 30 de novembro do 2010, (doc. 100152851), D. José M^a Alvarez Domínguez, con DNI 36.027.958-E e núm. persoal 15906, inspector da Policía Local, solicita se lle conceda un permiso retribuído para atender o coidado do seu pai, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto

lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais.

O art. 76.1.k), do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das Administracións Públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, poderá utilizarse de maneira separada ou acumulada.

O interesado aporta informe médico do estado de saúde do familiar.

Vistos os antecedentes referidos, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostenta o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, propón a adopción da seguinte resolución:

“Autorizar a D. José M^a Alvarez Domínguez, con núm. persoal 15906, inspector da Policía Local, un permiso retribuído de trinta días naturais, (do 1 ao 30 de decembro do 2010), de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ao coidado do seu pai.”

RESOLVO de conformidade co informe-proposta que antecede.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

19(2096).- ABOAMENTO DE FESTIVIDADE E NOCTURNIDADE POR SERVIZOS EXTAORDINARIOS A POLICÍA LOCAL (REFORZOS) XANEIRO-OUTUBRO 2010 E XORNADA DE VERÁN. EXPTE. 20310/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 7-12-2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.12.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios en domingos, festivos e a xornada nocturna correspondente aos servizos especiais e extraordinarios (reforzos) realizados no período xaneiro-outubro, ao persoal que figura nas relacións achegadas que comezan por ABREU TORRES, FRANCISCO J. E rematan por VILLAVERDE VELEIRO, JOSE B.os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 95.814,10 € con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

20(2097).- AMPLIACIÓN EN TRES XORNADAS O PROGRAMA DE DISPOÑIBILIDADE PARA A POLICÍA LOCAL 2010. EXPTE. 34490/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos e do técnico de Organización e Planificación de RR.HH., do 3-12-2010, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 13.12.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.-Acorda-la ampliación en tres xornada a maiores o programa de dispoñibilidade para a Policía local de Vigo , aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **21 de xuño de 2010 e ampliado nunha xornada mais en data 4 de outubro de 2010**

2º .- Autorizar o gasto de 180058,53€. con cargo a partida orzamentaria 922.0150.00.00-PRODUCTIVIDADE, destinado ao aboamento da realización de tres xornadas a maiores dentro do programa dispoñibilidade do Servizo da Policía Local para o ano 2010.

3º Comprometer o gasto, pól os importes sinalados, a favor dos seguintes funcionarios:

N.P:	Nome	Grado	Importe Maximo
78129	ABALDE CASANOVA, JESÚS IVÁN	POLICIA	625,86
14315	ABALLE GONZALEZ, MANUEL	POLICIA	625,86
80597	AGAHWA MARTÍNEZ, CELINA	POLICIA	625,86
18282	AGUADO TABOADA, MANUEL FERNANDO	OFICIAL	666,48
21137	ALONSO CARIDE, CONSTANCE	POLICIA	625,86
79107	ALONSO COUÑAGO, CÉSAR	POLICIA	625,86
79364	ALONSO DUARTE, DAVID	POLICIA	625,86
23047	ALONSO IGLESIAS, MANUEL	POLICIA	625,86
22310	ALONSO IGLESIAS, MARIANO	POLICIA	625,86
14255	ALONSO MOREIRA, JOSE LUIS	POLICIA	625,86
22480	ALONSO VILA, ANGEL LUIS	POLICIA	625,86
9018	ALVAREZ BERMUDEZ, JULIO CESAR	POLICIA	625,86
15906	ALVAREZ DOMINGUEZ, JOSE MARIA	INSPECTOR	749,25
21090	ALVAREZ DOMINGUEZ, MARIA JOSÉ	POLICIA	625,86
76473	ALVAREZ FERREIRA, FRANCISCO JAVIER	INSPECTOR	749,25
78744	ALVAREZ GARCIA, JAVIER	POLICIA	625,86
80590	ÁLVAREZ PENA, MARÍA	POLICIA	625,86
12411	ALVAREZ VAZQUEZ, JESUS	POLICIA	625,86
79103	ANTEPAZO BRUN, PABLO	POLICIA	625,86
23886	ARAUJO SANCHEZ, ANGELES Mª	POLICIA	625,86
77022	ARBONES LAGO, GUILLERMO	POLICIA	625,86
18388	ARENAS VILLARROEL, SANTIAGO A.	INSPECTOR	749,25
78745	ARGIBAY CUSI, DIEGO	POLICIA	625,86
21456	AVENDAÑO OTERO, BIENVENIDO	POLICIA	625,86
10441	BARBEITO REINO, MANUEL	POLICIA	625,86
14976	BARCIELA FERNANDEZ, DORINDA	POLICIA	625,86
77044	BARCIELA RIVERA, MANUEL	POLICIA	625,86
79355	BARROSO PARADA, SANTIAGO	POLICIA	625,86

N.P.:	Nome	Grado	Importe Maximo
79373	BASTOS BASOA, ESTEBAN	POLICIA	625,86
17029	BASTOS GARCIA, JOSE MANUEL	POLICIA	625,86
21143	BASTOS PUENTES, JOSE MANUEL	POLICIA	625,86
14344	BASTOS RODRIGUEZ, FERNANDO	POLICIA	625,86
76481	BECOÑA IGLESIAS, LAUREANO	POLICIA	625,86
12144	BELLO ROCA, JOSE MARIA	POLICIA	625,86
79381	BERGES MARTINEZ, PABLO	POLICIA	625,86
12664	BERNARDEZ PEREZ, SERAFIN	POLICIA	625,86
80596	BLANCO PÉREZ, JOAQUÍN	POLICIA	625,86
16886	BLAS FONDOS, JOSE LUIS	OFICIAL	666,48
17176	BORRAJO RODRIGUEZ, ADOLFO	POLICIA	625,86
16975	BOSQUE ZAPATA, JOSE MANUEL DEL	INSPECTOR	749,25
14284	BOUZAS NOVAS, JOSE	INSPECTOR	749,25
80580	BUENO ALONSO, ABEL	POLICIA	625,86
79109	BUGALLO CORRALES, JOSÉ ELÍAS	POLICIA	625,86
16001	CABALEIRO VIDAL, MARIO	POLICIA	625,86
79361	CALDAS BLANCO, MARCELO	POLICIA	625,86
79383	CALVAR RIOS, MOISES	POLICIA	625,86
77017	CALVO DIAZ, SANTIAGO	POLICIA	625,86
79119	CALVO ESTÉVEZ, DAVID	POLICIA	625,86
78746	CAMAÑO MENDUIÑA, MANUEL	POLICIA	625,86
78747	CAMPOS CEREIJO, DAVID	POLICIA	625,86
79375	CAMPOS FERNANDEZ, ENRIQUE	POLICIA	625,86
18313	CAMPOS IGLESIAS, ENRIQUE	POLICIA	625,86
18320	CARBALLO ACUÑA, ALBERTO	INSPECTOR PRINCIPAL	770,31
77815	CARBALLO ACUÑA, FRANCISCO JAVIER	INSPECTOR PRINCIPAL	770,31
10493	CARBALLO RODRIGUEZ, MANUEL	POLICIA	625,86
18224	CARDOSO REGUEIRO, MIGUEL ANGEL	POLICIA	625,86
78133	CARNERO DÍAZ, LUIS ALBERTO	POLICIA	625,86
78748	CASAL CASAS, ANGEL	POLICIA	625,86
23053	CASAL PIÑEIRO, JULIO	OFICIAL	666,48
23060	CASAS ALDEREGUIA, JOSE M ^a	POLICIA	625,86
21545	CASAS GONZALEZ, CESAR	POLICIA	625,86
18342	CASTIÑEIRAS CORTIÑAS, ALVARO	POLICIA	625,86
80601	CASTRO DELGADO, JUAN	POLICIA	625,86
79374	CASTRO LOPEZ, JOSE ANTONIO	POLICIA	625,86
14373	CAYETANO NAVARRO, ALVARO MIGUEL	POLICIA	625,86
80577	COMESAÑA BARREIRO, JOSÉ MATÍAS	POLICIA	625,86
15154	COMESAÑA DENIS, CRISTINA	POLICIA	625,86
22295	CONDE FERNANDEZ, JOSE CARLOS	POLICIA	625,86
22250	CONDE VAZQUEZ, MANUEI	POLICIA	625,86
79377	CORRAL MOLDES, RUBEN	POLICIA	625,86
77025	CORTES BAUTISTA, JOSE MIGUEL	POLICIA	625,86
80599	COSTAL GONZÁLEZ, DIEGO	POLICIA	625,86
22243	COSTAS ARAN, JUAN	POLICIA	625,86
76480	COSTAS BASTOS, ALEJANDRO	POLICIA	625,86
76475	COSTAS PEREZ, DAVID	OFICIAL	666,48
78135	COSTAS PÉREZ, RUBÉN CARLOS	POLICIA	625,86
22272	COUSIÑO SENDIN, JOSE MANUEL	POLICIA	625,86
18454	COUSIÑO SENDIN, RAMON	POLICIA	625,86
78749	COVELO COSTAS, JUAN MIGUEL	POLICIA	625,86
21120	CHAMORRO GONZALEZ, JOSE M.	POLICIA	625,86
77019	CHANTADA ABOLLO, RAMON	POLICIA	625,86
77037	DAVILA ALVAREZ, ALFREDO	POLICIA	625,86
77018	DIEGUEZ RAPOSEIRAS, JORGE GILBERTO	POLICIA	625,86
18448	DIOS COSTAS, MIGUEL ANGEL DE	POLICIA	625,86
77026	DOMINGUEZ ALONSO, FRANCISCO	OFICIAL	666,48
14812	DOMINGUEZ COSTA, SEVERINO	POLICIA	625,86
78137	DOMINGUEZ VÁZQUEZ, DANIEL JOSE MANUEL	POLICIA	625,86
22303	DOMINGUEZ VILA, VICENTE	POLICIA	625,86
78751	EIREOS MOREIRA, ESTANISLAO	POLICIA	625,86

N.P:	Nome	Grado	Importe Maximo
79113	EIREOS MOREIRA, LUCAS	POLICIA	625,86
79348	EIRIZ DE VICENTE, ROLANDO JOSE	POLICIA	625,86
14203	ESTEVEZ ALBELA, JOSE MANUEL	OFICIAL	666,48
12658	ESTEVEZ SEOANE, JOSE	POLICIA	625,86
10560	FERNANDEZ CONDE, PERFECTO	POLICIA	625,86
23076	FERNANDEZ ESTEVEZ, SEBASTIAN	POLICIA	625,86
79115	FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, DAVID	POLICIA	625,86
18419	FERNANDEZ IGLESIAS, ROBERTO	POLICIA	625,86
80591	FERNÁNDEZ LEMOS, TANIA	POLICIA	625,86
77028	FERNANDEZ LOPEZ, DAVID	POLICIA	625,86
17182	FERNANDEZ LORENZO, CARLOS	POLICIA	625,86
16870	FERNANDEZ PENA, MIGUEL ANGEL	POLICIA	625,86
15912	FERNANDEZ PIN, MARIA JESUS	POLICIA	625,86
16969	FERNANDEZ SOTELO, JUAN RAMON	OFICIAL	666,48
16946	FILGUEIRA CORREA, FRANCISCO JOSE	POLICIA	625,86
16930	FORJANES ALONSO, ANTONIO	POLICIA	625,86
76470	FREIRE ESTEVEZ, ALBERTO	INSPECTOR PRINCIPAL	770,31
76471	FUENTES SANCHEZ, JESUS	POLICIA	625,86
79382	FUERTES SANCHEZ, JESUS	POLICIA	625,86
79351	GALLEGO LORENZO, OSCAR	POLICIA	625,86
78752	GARCIA CARIDE, RUBEN	POLICIA	625,86
79384	GARCIA GIL, ALBERTO	POLICIA	625,86
78753	GARCIA GONZALEZ, DAVID	POLICIA	625,86
10346	GARCIA LOPEZ, SIRO	POLICIA	625,86
10613	GARCIA LORENZO, EUGENIO	POLICIA	625,86
80595	GARCÍA RODRÍGUEZ, ENRIQUE	POLICIA	625,86
76478	GARCÍA VEIRO, JOSE ARMANDO	OFICIAL	666,48
21462	GARRIDO DOMINGUEZ, ANGELES	OFICIAL	666,48
18158	GARRIDO RODRIGUEZ, JOSE	POLICIA	625,86
16774	GIL DOMINGUEZ, FRANCISCO A.	INSPECTOR	749,25
18164	GIL GREGORIO, JUAN ANTONIO	POLICIA	625,86
78754	GOMEZ OTERO, ANTONIO MANUEL	POLICIA	625,86
77000	GOMEZ SALGADO, JOSEFA	POLICIA	625,86
23082	GONZALEZ ARIAS, ANTONIO	POLICIA	625,86
80593	GONZÁLEZ CASTILLO, JESÚS MARCO	POLICIA	625,86
77023	GONZALEZ FERNANDEZ, PABLO JOSÉ	POLICIA	625,86
21025	GONZALEZ GARCIA, KATIA MARIA	POLICIA	625,86
16834	GONZALEZ GARCIA, MANUEL	POLICIA	625,86
14150	GONZALEZ GARRIDO, ANTONIO	POLICIA	625,86
10300	GONZALEZ MOLDES, AGAPITO	POLICIA	625,86
78755	GONZALEZ POSADA, LUIS	POLICIA	625,86
14835	GONZALEZ RODRIGUEZ, MIGUEL JOSE	POLICIA	625,86
78132	GONZÁLEZ SUÁREZ, CÉSAR	POLICIA	625,86
79110	GONZÁLEZ VÁZQUEZ, JORGE	POLICIA	625,86
79372	GONZALEZ VAZQUEZ, OSCAR	POLICIA	625,86
79356	GREGORIO SELAS, MIGUEL	POLICIA	625,86
80592	GUEDELLA FERNÁNDEZ, ANTONIO	POLICIA	625,86
16923	GUEDELLA GOMEZ, FRANCISCO	POLICIA	625,86
12606	GUENAGA CANO, JUAN RAMON	POLICIA	625,86
12500	GUISANDE ESTEVEZ, ENRIQUE	POLICIA	625,86
80585	GUTIERREZ GIMENEZ, BRAULIO	POLICIA	625,86
17064	HERMIDA ARAUJO, ADOLFO	POLICIA	625,86
15728	HERRERA OYA, EMILIO RAFAEL	INSPECTOR	749,25
12279	HUERTAS PEREZ, FRANCISCO	POLICIA	625,86
16892	IGLESIAS COSTAS, FRANCISCO	POLICIA	625,86
80594	IGLESIAS MELEIRO, RUBÉN	POLICIA	625,86
10040	IGLESIAS PEREIRA, JOSE LUIS	POLICIA	625,86
80583	IGLESIAS RODRÍGUEZ, UNAY	POLICIA	625,86
12641	JIMENEZ ALVARADO, JAVIER	POLICIA	625,86
23099	JORGE GARCIA, JAVIER	POLICIA	625,86
78756	JUNCAL LAGOA, MIGUEL ANGEL	POLICIA	625,86

N.P:	Nome	Grado	Importe Maximo
18460	JUSTE IGLESIAS, ANTONIO	POLICIA	625,86
79112	LAGO MUÑOZ, SONIA	POLICIA	625,86
22289	LEIROS ORGE, CARLOS	OFICIAL	666,48
78757	LEMONS ABREU, JOSE MANUEL	POLICIA	625,86
78758	LEMONS MARTINEZ, JESUS	POLICIA	625,86
12523	LÓPEZ ALVAREZ, JAVIER	INSPECTOR	749,25
18394	LOPEZ BURGO, JUAN CARLOS	POLICIA	625,86
78759	LOPEZ REIS, DIEGO	POLICIA	625,86
22384	LOPEZ REY, GERARDO JOSE	OFICIAL	666,48
79359	LOPEZ SANTANA, ANTONIO JOSE	OFICIAL	666,48
16828	LOPEZ VAZQUEZ, ISIDRO	POLICIA	625,86
78760	LORENZO ALONSO, ROBERTO	POLICIA	625,86
23107	LORENZO CAMPO, Mª ISABEL	POLICIA	625,86
79120	MACEIRA ACUÑA, JUAN CARLOS	POLICIA	625,86
78761	MACENLLE DIAZ, MARIA DEL PILAR	POLICIA	625,86
18230	MAGALLANES OLMIGOS, JUAN MIGUEL	POLICIA	625,86
78762	MALLO ESTEVEZ, JOSE CARLOS	POLICIA	625,86
79116	MARCILLA URBANO, RUBÉN	POLICIA	625,86
14321	MARON LORENZO, JUAN ANTONIO	OFICIAL	666,48
18247	MARTINEZ DAFONTE, SANTIAGO	POLICIA	625,86
79363	MARTÍNEZ LINO, PEDRO	POLICIA	625,86
13712	MARTINEZ MUÑOZ, FRANCISCO	INSPECTOR PRINCIPAL	770,31
22266	MARTINEZ PAMPILLON, PERGENTINO	POLICIA	625,86
77039	MARTINEZ PARDO, SANTIAGO JESUS	OFICIAL	666,48
77029	MARTINEZ POSADA, VICENTE	POLICIA	625,86
77036	MARTINEZ TILVE, JAVIER	POLICIA	625,86
12233	MENDEZ OITAVEN, AGAPITO	POLICIA	625,86
79357	MENDEZ VAZQUEZ, EDUARDO	POLICIA	625,86
77043	MOLINA MAGDALENA, FERNANDO	POLICIA	625,86
18299	MONTEMUIÑO SANTOS, JOSE CARLOS	INSPECTOR	749,25
14806	MOO GARCIA, JOSE MANUEL	OFICIAL	666,48
14278	MORQUILLAS RODRIGUEZ, VICTOR MIGUEL	OFICIAL	666,48
12629	MOURIÑO AMIL, JOSE MANUEL	POLICIA	625,86
17130	NEIRA HENCHE, FRANCISCO JAVIER	OFICIAL	666,48
9053	OGANDO GARCIA, ALFONSO	POLICIA	625,86
79360	OJEA GONZALEZ, ROBERTO	POLICIA	625,86
80584	OTERO PENELA, FERNANDO	POLICIA	625,86
22556	OTERO PINO, Mª CRISTINA	POLICIA	625,86
78763	OTERO SOTELO, MARCOS	OFICIAL	666,48
80578	OTERO VILLAR, EZEQUIEL	POLICIA	625,86
18336	PARGA BLANCO, RICARDO SANTOS	POLICIA	625,86
79365	PASCUAL GONZALEZ, JOSE CARLOS	POLICIA	625,86
23136	PENA GONZALEZ, DAMASO	POLICIA	625,86
78764	PENA GONZALEZ, JAVIER	POLICIA	625,86
79380	PERALES RODRIGUEZ, ENRIQUE	POLICIA	625,86
80587	PÉREZ BARREIRA, XOSÉ ANTÓN	POLICIA	625,86
18276	PEREZ CARRERA, CARLOS MARTIN	OFICIAL	666,48
15830	PEREZ EIROA, CONCEPCION E.	POLICIA	625,86
78286	PÉREZ FERNANDEZ, JOSÉ LUIS	POLICIA	625,86
77021	PEREZ FERNANDEZ, MANUEL	POLICIA	625,86
78765	PEREZ LANDESA, MANUEL F.	POLICIA	625,86
23596	PEREZ MINIÑO, ELOY	POLICIA	625,86
78766	PEREZ MOSQUERA, GABRIEL	POLICIA	625,86
18260	PEREZ REGUEIRA, JOSE ANTONIO	POLICIA	625,86
76528	PEREZ RODRIGUEZ, JUAN MANUEL	POLICIA	625,86
18425	PEREZ RODRIGUEZ, RAMON	INSPECTOR	749,25
78767	PEREZ RODRIGUEZ, ROBERTO	POLICIA	625,86
78768	PEREZ VAZQUEZ, CARLOS	POLICIA	625,86
79362	PESADO FERNANDEZ, PABLO	POLICIA	625,86
76474	PIÑEIRO GOMEZ, JOSEFA	POLICIA	625,86
14189	PIÑEIRO PEREZ, ISIDRO	POLICIA	625,86

N.P:	Nome	Grado	Importe Maximo
21108	PITILLAS TORRÁ, FRANCISCO JAVIER	INSPECTOR	749,25
15929	PORTABALES GONZALEZ, JULIA MONTSERRAT	OFICIAL	666,48
76477	PORTO JUSTO, FRANCISCO JOSE	OFICIAL	666,48
79111	PRADO SIMÓN, GUILLERMO JOSÉ	POLICIA	625,86
17006	PRIETO CASAL, CEFERINO	POLICIA	625,86
21060	PRIETO GONZÁLEZ, NILO	POLICIA	625,86
78284	QUINTEIRO VARELA, PABLO	POLICIA	625,86
14367	REGUERA RIVERO, MANUEL AGUSTÍN	INSPECTOR	749,25
78131	RIO DIZ, DANIEL DEL	POLICIA	625,86
77020	RIO DIZ, PABLO DEL	INSPECTOR	749,25
16840	RIVERA ALEN, RAMON	POLICIA	625,86
15852	RIVERA COUÑAGO, FELIX	POLICIA	625,86
15846	RIVERA LOPEZ, DEOLINDA	POLICIA	625,86
78769	RODRIGUEZ CAEIRO, JAVIER	POLICIA	625,86
78770	RODRIGUEZ CARPINTERO, ELÍAS ISRAEL	POLICIA	625,86
23610	RODRIGUEZ CEBRAL, SILVIA	POLICIA	625,86
80576	RODRÍGUEZ MONTERO, ISMAEL	POLICIA	625,86
18201	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JOSE	POLICIA	625,86
78771	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JOSE MIGUEL	POLICIA	625,86
79105	RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, JOSÉ	POLICIA	625,86
12285	RODRIGUEZ TRONCOSO, FRANCISCO	POLICIA	625,86
12530	RODRIGUEZ VAZQUEZ, JAVIER	POLICIA	625,86
12457	ROJO MORON, JOSE LUIS	POLICIA	625,86
17147	ROLO SILVA, JOSE LUIS	OFICIAL	666,48
77040	SAAVEDRA GONZÁLEZ, NARCISO	POLICIA	625,86
16952	SAAVEDRA GONZALEZ, RAFAEL	INSPECTOR	749,25
77042	SALGADO GONZALEZ, JUAN CARLOS	POLICIA	625,86
23171	SALGADO GONZALEZ, Mª TERESA	OFICIAL	666,48
79118	SÁNCHEZ FRANCO, DIEGO	POLICIA	625,86
21114	SANCHEZ PEREZ, GERARDO	POLICIA	625,86
76472	SANCHEZ SANCHEZ, MANUEL	OFICIAL	666,48
21077	SANCHEZ SOUTO, DIEGO	POLICIA	625,86
78287	SANCHEZ VAZQUEZ, OSCAR MANUEL	OFICIAL	666,48
23188	SANTIAGO GONZALEZ, JUAN JOSE	POLICIA	625,86
78772	SANTOS REFOJOS, DAVID	POLICIA	625,86
78130	SIERRA CASTELO, JOSE MANUEL	POLICIA	625,86
77031	SILVA GONZALEZ, ADOLFO ANDRES	POLICIA	625,86
78134	SORDO GARCÍA, MARÍA TERESA	POLICIA	625,86
80589	SOTO RODRÍGUEZ, RICARDO	POLICIA	625,86
79353	SOUTO LOPEZ, IGOR JOSÉ	POLICIA	625,86
12374	SUAREZ CARBAJO, ADOLFO	POLICIA	625,86
12121	SUAREZ GARCIA, ANTONIO	POLICIA	625,86
78283	SUÁREZ PIÑEIRO, DAVID	POLICIA	625,86
12612	TABOADA PARDO, CELSO	POLICIA	625,86
80600	TELLA DOVAL, JOSÉ MARÍA	POLICIA	625,86
10607	TORRE GENTIL, PAULINO DE LA	POLICIA	625,86
80598	TOUCEDO ALONSO, JOSÉ	POLICIA	625,86
79358	TOUCEDO GARRIDO, ENRIQUE	POLICIA	625,86
77038	TRONCOSO DOMINGUEZ, JOSE MANUEL	POLICIA	625,86
21568	TRONCOSO PADIN, JUAN JOSE	POLICIA	625,86
80579	UBEIRA GROSIO, PATRICIA	POLICIA	625,86
80582	VAS COSTA, MANUEL	POLICIA	625,86
22378	VAZQUEZ ALONSO, ALBERTO	OFICIAL	666,48
79114	VAZQUEZ ARIAS, ROBERTO	POLICIA	625,86
79352	VAZQUEZ DOMINGUEZ, JUAN DIEGO	OFICIAL	666,48
14210	VAZQUEZ MARIN, ANTONIO	POLICIA	625,86
18170	VAZQUEZ VARELA, JOSE MANUEL	INSPECTOR	749,25
21572	VEIGA JORGE, JOSE JESUS	POLICIA	625,86
80586	VERA ARMADA, JARA MARÍA	POLICIA	625,86
79378	VERDE VIEITEZ, JOSÉ MANUEL	POLICIA	625,86
76476	VICENTE FERREIRA, JOSE IGNACIO	POLICIA	625,86

N.P:	Nome	Grado	Importe Maximo
79122	VIDAL LORENZO, LUCÍA	POLICIA	625,86
79108	VIDAL MACÍA, RAMÓN	POLICIA	625,86
18193	VIGO QUIROS, EMILIO	POLICIA	625,86
77689	VILA CAMPOS, FRANCISCO JOSÉ	OFICIAL	666,48
79379	VILLA AGULLA, FERNANDO	POLICIA	625,86
79106	VILLAR FERNÁNDEZ, JOSÉ MANUEL	POLICIA	625,86
77027	VILLAR MIGUELEZ, MANUEL	POLICIA	625,86
18307	VILLAR SANCHEZ, ENRIQUE	POLICIA	625,86
80581	VILLAR SILVA, AIDA	POLICIA	625,86
23975	VIVERO MIJARES, JUAN GUILLERMO	POLICIA	625,86

21(2098).- DEVOLUCIÓN TAXA DA LICENZA DE CALA POR PRAZADOURO, S.L. PARA REPARACIÓN DO FORXADO DE CUBERTA DO CENTRO COMERCIAL PRAZA ELÍPTICA. EXPTE. 657/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Servizos Xerais., do 10-12-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Se proceda a devolución de **5.776,43 (cinco mil setecentos setenta e seis euros con coarenta e tres céntimos, correspondentes ao xustificante 676 0 10000108 2 de data 11 de agosto relativo a licenza de cala para reparación de forxado de cuberta do centro comercial** Praza Eliptica ao número de conta que a entidade de conservación Prazadouro, S.L. ten aberta na entidade Caixanova co número 2080 0117 14 0040009653.

22(2099).- ADHESIÓN AO MODELO XERAL DE BASES E ESTATUTOS “AOD A-2-29 PISTA” E CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN. EXPTE. 4987/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral, do 1-12-2010, co conforme do xefe da oficina de Planeamento-Xestión, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aplicar á xestión do Ámbito de Planeamento Remitido con ordenación detallada APR «AOD A-2-29 PISTA» do PXOM de Vigo o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004); aceptada en escritura pública por propietarios que representan máis do 70% da superficie do polígono.

SEGUNDO: Aprobar a constitución da Xunta de Compensación do citado ámbito, efectuada mediante escritura pública de data 11.05.2010, autorizada polo notario de Vigo D. Gerardo García-Boente Sánchez co núm. 1025 do seu protocolo, e requirir aos órganos reitores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no artigo 5 do RD.1093/97, do 4 de xullo.

TERCEIRO: Nomear como representante municipal nesa Xunta de compensación ao Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, D. José Manuel Mariño Mendoza.

CUARTO: Instar da Secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI da Xunta de Galicia a inscrición desta Xunta de compensación no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

QUINTO: Requirit aos propietarios non incorporados a fin de que no prazo máximo dun mes desde a notificación deste acordo se adhira perante notario á Xunta de Compensación, comunicándollo á mesma e a esta Administración municipal. Transcorrido ese prazo a incorporación só será posible se non atranca o desenvolvemento do proceso e o aproba a Xunta de Compensación. En todo caso, de non incorporarse, a súa propiedade poderá ser obxecto de expropiación forzosa en favor da Xunta de Compensación.

SEXTO: Notifíqueselles o contido íntegro deste acordo á Xunta de Compensación e a todos os propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

SÉTIMO: Dar traslado deste acordo á xefatura dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo, para que se emita o informe que proceda en relación coa incidencia da execución da APR «AOD A-2-29 PISTA» nas infraestruturas.

23(2100).- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO (ADECUACIÓN RETRIBUTIVA). EXPTE. 4725/407.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe dos servizos centrais e da Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 22-11-2010, co conforme do concelleiro delegado de Urbanismo, que a continuación se transcribe:

Asunto: MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. VALORACIÓN DAS CONDICIÓNS RETRIBUTIVAS DE DETERMINADOS POSTOS DE TRABALLO.

A) ANTECEDENTES.

A valoración que é obxecto deste informe-proposta temos que encadralo no proceso de negociación político-sindical levado a cabo dende mediados dos anos noventa e que contou cos seguintes feitos máis significativos:

1) Na disposición final segunda do “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais do persoal municipal, aprobado para o período 1995–1997”, prevíase o compromiso de efectuar durante o ano 1997 unha reclasificación dos postos de traballo do cadro municipal e a súa correspondente avaliación económica, co obxecto de seren aplicado o 1º de xaneiro de 1998.

2) Como queira que dito compromiso non chegou a ser aplicado, os vixentes Acordo e Convenio reguladores das condicións económicas e sociais do persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, aprobados conxuntamente en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998, vixentes para o período 1999–2002, recolle novamente esta previsión, tanto nas súas disposicións adicionais coma nas transitorias.

3) A Comisión municipal de Goberno en sesión de 8 de maio de 1997, adjudicou á entidade mercantil DEMOS, S.A., o contrato de consultoría e asistencia técnica para a realización dun estudo de análise, diagnóstico e proposta de mellora da organización e xestión dos recursos humanos da Administración municipal. Como queira que os resultados acadados pola consultora no seu estudo non se consideraron de viable implantación, por Decreto da Alcaldía Presidencia de 10 de xaneiro de 2001 acordouse a creación dunha Comisión paritaria mixta, integrada por delegados das distintas organizacións sindicais do Concello e máis por representantes de todos os grupos políticos, co obxecto de debater, supervisar e analizar os traballos técnicos a realizar por un equipo de funcionarios designados polo Concelleiro de persoal, quen se encargarían de adapta-la proposta de definición de funcións dos postos o que na maioría dos casos supón unha reconversión funcional dos mesmos, organigrama municipal e proposta retributiva, axustada á realidade do Concello de Vigo.

4) En estrito cumprimento deste mandato, o equipo técnico confeccionou un documento rubricado “guía de funcións dos postos de traballo”, debatido oportunamente no marco da Comisión paritaria así coma outro documento denominado “guía de funcións por servizos”, pendente de aprobación. Ditos documentos, ademais das fichas de preclasificación dos postos, nas que se asigna a cada posto unha puntuación en función da existencia ou non de factores definidos segundo a regulación legal na materia como coñecementos, complexidade das tarefas, responsabilidade sobre persoal, esforzo físico, esforzo mental, etc e a tradución de ditas puntuacións en Complementos de Destino e Complementos Específicos, que teñen o seu correlato nos conceptos utilizados polo art. 24 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

5) A realización desta valoración individualizada e específica de cada posto de traballo deu lugar a proposta retributiva inicial dos postos, elaborada en atención aos criterios de valoración que o equipo técnico fai constar na Memoria do traballo de 1 de marzo de 2002.

6) Paralelamente, e con motivo deste primeiro documento técnico de traballo, procédese a unha fase de debate e negociación político sindical que culmina cunha nova proposta económica na que se introducen unha serie de cambios verbo do documento técnico de traballo.

7) Acordo da Comisión de Goberno de 11 de febreiro de 2002 establecendo os criterios de asignación dos complementos retributivos.

No ano 2005 iniciouse un proceso gradual de adecuación das retribucións do persoal dirixido a impulsar a modernización e mellora da prestación do servizo público e incrementar a produtividade, procedéndose ao reaxuste e ordenación das funcións a desempeñar polos postos incluídos na adecuación e modificándose consecuentemente as contías de determinados complementos retributivos. Dito proceso a aplicar ao longo de tres exercicios económicos non tivo continuidade nos anos 2006 e 2007 ao prorrogarse o orzamento aprobado para o ano 2005.

No exercicio 2008 levouse a efecto a segunda fase da adecuación retributiva que se aplicou a un terzo do persoal existente na RPT da Xerencia de Urbanismo.

No ano 2010 preténdese finalizar dita adecuación retributiva iniciada hai mais de dez anos, xa que nos últimos anos experimentouse unha profunda modificación das necesidades organizativas, como consecuencia de feitos de diversa natureza, tales como a crecente preocupación pola modernización dos procedementos de actuación co fin de poder mellorar a resposta e o servizo á cidadanía. Os cambios que se produciron a nivel interno viñeron dados polas novas condicións do contorno, a nivel social, económico, político, xurídico e técnico.

A disposición dunha estrutura organizativa adecuada ás necesidades da Xerencia de Urbanismo, é un factor clave de cara a poder conquistar unha rápida adaptación aos requirimentos existentes, conseguíndose unha mellora continua do nivel de servizo. Agora ben, aínda que se deron diferentes pasos no proceso de mellora desta estrutura organizativa, é preciso intensificar os esforzos, concluíndo a reordenación das funcións da totalidade dos postos do organismo autónomo e adecuando os niveis retributivos dos mesmos, mediante unha axeitada formulación do mecanismo de valoración dispoñible.

O desenvolvemento desta terceira fase de adecuación retributiva afecta aos postos de traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo incluídos nas categorías A1 e A2. En total analizáronse 44 postos pertencentes a todas as áreas organizativas da Xerencia.

B) GUÍAS DE FUNCIÓNS E VALORACIÓN DOS 44 POSTOS.

Os criterios para a devandita valoración serán os seguidos polos técnicos do Servizo de Recurso Humanos do Concello e pactados cos Sindicatos, en concreto as Guías de Funcións elaboradas ao efecto, sen prexuízo das especificacións propias deste Organismo Autónomo.

A tal efecto, a este informe-proposta anéxanse as “GUÍAS DE FUNCIÓNS CORRESPONDENTES AOS POSTOS DOS SUBGRUPOS A1 E A2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO” que como se indica na introdución das mesmas foron *“elaboradas a partir das Guías deseñadas para o persoal do Concello e seguindo os mesmos criterios empregados polo servizo de recursos humanos do Concello de Vigo, sen prexuízo das especificacións propias deste organismo autónomo, en especial respecto dos postos de “xefe de sección de urbanización e infraestrutura”, que se asimila á xefatura de departamento (seguindo a nomenclatura utilizada polo Concello); de “adxunto técnico da xefatura do departamento de Planeamento-Xestión”, de “técnico responsable de Administración electrónica” e de “técnico de tesourería/xestión de ingresos”.*

A valoración realízase distinguindo:

- I) Postos de xefaturas que encadra os postos de Xefe de asesoramento xurídico, Xefe de intervención urbanística, Xefe de servizos centrais, Xefe de xestión de vivenda e pms, Xefe de sección de Urbanización e Infraestruturas e Adxunto Técnico ó xefe do departamento de Desenvolvemento urbanístico.

- II) Postos correspondentes a persoal técnico, tanto do grupo A1 como A2 que abarca as prazas de técnico de administración xeral, arquitecto, técnico responsable da administración electrónica, enxeñeiro superior industrial, técnico de medio ambiente, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico industrial, técnico medio de obras públicas, técnico de tesourería/xestión de ingresos e arquiveiro.
- I) Postos correspondentes a xefaturas.

Se trata de 6 postos do grupo A, 5 deles do subgrupo A1 correspondentes a Xefe de asesoramento xurídico, Xefe de intervención urbanística, Xefe de servizos centrais, Xefe de xestión de vivenda e pms e Adxunto Técnico ó xefe do departamento de Desenvolvemento urbanístico; máis 1 do subgrupo A2, Adxunto ao xefe de servizos técnicos.

Dado que as retribucións dos postos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dende a súa creación en 1996, fíxanse con referencia ás do conxunto do Concello, o punto de partida deben ser as guías de funcións dos postos encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación para o persoal municipal.

Ditas guías deseñáronse seguindo unha filosofía xeneralista, orientándose a postos, con independencia da área organizativa á que pertencen eses postos. Deste xeito, as guías asociadas aos postos de xefatura formuláronse tamén seguindo un criterio xeneralista, para o que se definiron 5 guías diferentes: xefe de área, xefe de servizo, xefe de departamento, xefe de sección e xefe de unidade.

Analizadas as funcións asociadas a cada ún dos postos de xefatura da Xerencia de Urbanismo constatouse que estes son equiparables ao posto de Xefe de Servizo do Concello, agás nos casos do “xefe de sección de urbanización e infraestruturas” (cuxas funcións encaixan coas recollidas na guía de funcións do posto de xefe de sección, xa que baixo a dirección do xefe dos servizos técnicos asume as responsabilidades de coordinación, organización e planificación da sección de urbanización e infraestruturas) e no caso do “adxunto técnico ó xefe do departamento de desenvolvemento urbanístico” (que se equipara ó nivel retributivo de xefe de sección do Concello pero con definición propia das funcións asignadas a este posto específico da Xerencia).

Unha vez establecidas as funcións dos postos, a cuantificación da valoración dos mesmos realízase seguindo os criterios fixados polos técnicos do servizo de Persoal do Concello e pactados cos Sindicatos con representación no Concello. En consecuencia, propónse un complemento específico 625 para os postos de Xefe de asesoramento xurídico, Xefe de intervención urbanística, Xefe de servizos centrais e Xefe de xestión de vivenda e pms, e un complemento específico 650 para o posto de Adxunto ao xefe de servizos técnicos, con un incremento retributivo de 531,13 euros/ano para cada un deles, non habendo variación no complemento de destino. Ao posto de “adxunto técnico ó xefe do departamento de desenvolvemento urbanístico”, obtido da modificación dun posto base de arquitecto (código 401.03) asígnaselle o complemento de destino 28 e o específico 650 (de acordo coas funcións desenvoltas e relacionadas nas guías de funcións anexas).

II) Postos dos subgrupos A1 e A2.

Trátase de trinta e oito postos co seguinte detalle:

- Once postos de técnico de administración xeral, pertencentes á escala de administración xeral, grupo A, subgrupo A1. Na correspondente guía de funcións do Concello establécense as seguintes competencias: funcións xerais de asesoramento e de natureza xurídica, funcións de elaboración de documentos: informes, pregos de prescricións administrativas, etc., funcións de natureza xeral, tales como responsabilizarse da produtividade do persoal ao seu cargo, información ao público, efectuar propostas de mellora, actualizar os seus coñecementos, etc.

Propónse un incremento retributivo de 882,77 euros/ano correspondente a un complemento específico 680, mantendo o nivel de complemento de destino 26.

- Catorce postos de arquitecto, pertencentes á escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A1. Na guía de funcións correspondente a este posto establécense as seguintes: funcións relacionadas coa elaboración de informes e documentación, funcións vinculadas ás obras e proxectos (redacción de proxectos, dirección de obras, etc.), funcións vinculadas aos instrumentos de planeamento e xestión urbanística, funcións de natureza xeral (informar ao público, realizar propostas de mellora, responsabilizarse da produtividade do persoal ao seu cargo, etc.).

Mantense o nivel de complemento de destino 26. O complemento específico pasa a ser 680, propoñéndose un incremento de 560,49 euros/ano.

- Ún posto de técnico responsable de administración electrónica, pertencente á escala de administración especial, grupo A, subgrupo A1. Dito posto abarca as funcións e competencias propias dos postos de técnico responsable de estudos e programación e técnico responsable de seguridade, redes e comunicacións do Concello de Vigo. Inmersos no proceso de implantación da administración electrónica, o nivel de dificultade técnica, dedicación, e responsabilidade do posto viuse incrementado considerablemente. Polo tanto, propónse o mantemento do nivel de complemento de destino 26 e a equiparación do complemento específico ao establecido no Concello para ditos postos, e dicir, 650. A equiparación conleva un incremento retributivo de 5.417,63 euros/ano.

- Dous postos de enxeñeiro superior industrial, pertencentes á escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A1. Na guía de funcións do posto de enxeñeiro superior establécense as seguintes: funcións relacionadas coa elaboración de informes e documentación, funcións vinculadas á xestión das obras e proxectos (dirección de obras, coordinación de seguridade e saúde, etc.), funcións vinculadas aos instrumentos de planeamento e xestión urbanística (inspección de industrias, elaboración de pregos de prescricións técnicas e económicas), funcións de natureza xeral (información ao público, responsabilizarse da produtividade do persoal ao seu cargo, realizar propostas de mellora, etc.).

Propónse un incremento retributivo de 882,77 euros/ano, correspondente a un complemento específico 680, mantendo o nivel de complemento de destino 26.

- Ún posto de técnico de medio ambiente, pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A1. Equipárase ao posto de técnico superior de medio ambiente do Concello, cun nivel de complemento de destino 26 e un complemento específico 680. Propónse un incremento retributivo, de 882,77 euros/ano.

- Catro postos de arquitecto técnico, da escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2. A guía de funcións do posto de arquitecto técnico/aparellador establece as seguintes: funcións relacionadas coa elaboración de orzamentos e informes, funcións vinculadas ás obras e proxectos dentro do marco da súa competencia técnica, funcións vinculadas aos instrumentos de planeamento e xestión urbanística en colaboración cos técnicos superiores, funcións de natureza xeral, como información ao público, realizar propostas de mellora, responsabilizarse da produtividade do persoal ao seu cargo, etc.

Ditos postos manteñen o nivel de complemento de destino 26 e asígnaselles un complemento específico 680. Propónse un incremento retributivo de 882,77 euros/ano.

- Dous postos de enxeñeiro técnico industrial e un posto de técnico medio de obras públicas, pertencentes á escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2. A guía de funcións do posto de enxeñeiro técnico establece que desempeñan as seguintes: funcións relacionadas coa preparación e

emisión de informes de diversa natureza, funcións vinculadas ás propias obras e proxectos no marco da súa competencia profesional, prestar colaboración técnica nas funcións vinculadas aos instrumentos de planeamento e xestión urbanística, funcións de natureza xeral, como realizar propostas de mellora, información ao público, responsabilizarse da produtividade do persoal ao seu cargo, etc.

Propónse a modificación do complemento específico, que pasa ao código 680, cun incremento retributivo de 882,77 euros/ano. Mantense o nivel de complemento de destino 26.

- Ún posto de técnico de xestión de ingresos/tesourería, da escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2. A adecuación retributiva realízase tendo en conta que o grao de dificultade técnica, dedicación, e responsabilidade resulta equiparable ao do posto de técnico medio de intervención xeral da RPT do Concello. Son funcións da súa competencia as vinculadas á tesourería: realización de arqueos mensuais e anuais, levanza da base de datos de recadación, liquidacións trimestrais e anuais dos tributos estatais, liquidación da Seguridade Social, Plans de pensións, cotas sindicais, etc., seguemento de recadación en prazo voluntario dos ingresos tributarios e non tributarios, aboamento da nómina do persoal propio da Xerencia. Funcións vinculadas á xestión de ingresos: revisión das autoliquidacións tributarias realizadas polos contribuíntes e tramitación de liquidacións complementarias e devolución de ingresos indebidos, seguimento dos ingresos derivados do alleamento do pms, liquidación das execucións subsidiarias realizadas a costa dos infractores, xestión e seguemento das subvencións e transferencias recibidas doutras administracións, seguimento dos ingresos patrimoniais, colaboración coa Dirección de ingresos do Concello nas liquidacións do imposto de construcións, instalacións e obras. Ademais destas funcións, outras de carácter contable e orzamentario como a tramitación e contabilización dos expedientes de modificacións orzamentarias, colaboración nos procesos de formación do orzamento, e no desenvolvemento dos traballos de liquidación orzamentaria e da formación da conta xeral, etc. Por último, funcións de natureza xeral como atención e información ao público nas materias da súa competencia, control e emprego das aplicacións informáticas e tecnolóxicas necesarias para o desenvolvemento das competencias do posto, coñecemento actualizado do marco legal e normativo correspondente as materias da área, etc.

Polo tanto propónse a modificación do complemento de destino do 25 ao 26 e do complemento específico que pasa a ser o 660, cun incremento retributivo de 6.917,51 euros/ano.

- Ún posto de arquivista, pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2. A guía de funcións do posto de técnico medio de arquivos asígnalle as seguintes competencias: planificar, organizar e xestionar os procesos técnicos (catalogación e clasificación dos fondos documentais en calquera soporte), catalogar e clasificar o material documental, xestionar e atender os servizos de información e referencia, servizos de acceso ao documento, servizos automatizados e recursos, coordinar os distintos cometidos e atender as necesidades do arquivo informando das deficiencias na súa conservación e mantemento e propoñendo melloras e innovacións, controlar e supervisar os servizos de reprodución de acordo cos procedementos establecidos, supervisar o traballo do persoal ao seu cargo, etc.

A dito posto correspóndelle un nivel de complemento de destino 25 e un complemento específico que pasa a ser o 690, o que representa un incremento retributivo de 1.008,41 euros/ano.

C) FUNDAMENTOS DE DEREITO.

A fundamentación xurídica da valoración que se propón é esencialmente:

- 11) O artigo 24.b) da Lei estatal 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, conforme o cal *“a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios estableceranse polas correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros,*

ós seguintes factores:...b) A especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade esixible para o desenvolvemento de determinados postos de traballo ou as condicións nas que se desenvolve o traballo.”

12) O artigo 4 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración local dispón o seguinte sobre o complemento específico:

“1. O complemento específico está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención a su especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade.

2. O establecemento ou modificación do complemento específico esixirá, con carácter previo, que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo ás circunstancias expresadas no número 1 deste artigo.

3. Efectuada a valoración, o Pleno da Corporación, ó aprobar a relación de postos de traballo, determinará aqueles aos que corresponde un complemento específico, sinalando a súa respectiva contía.

4. A cantidade global destiñada á asignación de complementos específicos figurará no orzamento e non poderá exceder do límite máximo expresado no artigo 7.2, a), desta norma”.

A reforma operada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, residenciou na Xunta de Goberno a competencia de aprobación ou modificación da relación de postos de traballo (artigo 127.1.h).

A proposta foi obxecto de negociación, en cumprimento co preceptuado polos artigos 31 e seguintes da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

D) EXISTENCIA DE CRÉDITO ADECUADO E SUFICIENTE.

Para o incremento retributivo proposto, que supón para os 44 postos un importe total de 51.028,88 euros, existe crédito adecuado e suficiente. Achégase a este informe-proposta retención de crédito polo citada cifra, con cargo á partida 1510.1210300 de “fondo de adecuación dos postos de traballo”, do Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

E) PROPOSTA.

En consecuencia co antedito propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar as guías de funcións, en consonancia coas aprobadas pola Xunta de Goberno de 20 de setembro de 2010, respecto dos seguintes postos da Xerencia Municipal de Urbanismo: xefaturas de “asesoramento xurídico”, “intervención urbanística”, “servizos centrais” e “xestión de vivenda e pms” (todas estes como “xefaturas de servizo”); “xefe de sección de urbanización e infraestruturas” (como “xefatura de departamento”); postos de “técnico de administración xeral”, “arquitecto”, “enxeñeiro superior industrial”, “técnico responsable de administración electrónica”, “técnico de medio ambiente”, “arquitecto técnico”, “enxeñeiro técnico industrial, “técnico medio de obras públicas”, “técnico de tesourería/xestión de ingresos” e “arquiteiro”.

2º) Modificar, con efectos 1 de xaneiro de 2010, a relación de postos de traballo do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 18 de maio de 2010, nos seguintes termos e de acordo coa valoración realizada na parte expositiva:

- Asignar aos postos de “xefe de asesoramento xurídico”, “xefe de intervención urbanística”, “xefe de servizos centrais” e “xefe de xestión de vivenda e pms” (códigos 406.01, 421.01, 407.01 e 433.01) un complemento específico de 29.440,43 euros/ano.
- Asignar ao posto de “xefe de sección urbanización e infraestruturas” (código 403.03) un complemento específico de 22.298,41 euros/ano.
- Asignar a un posto de “arquitecto” (código 401.03) a denominación de “adxunto técnico ó xefe de desenvolvemento urbanístico”, cun complemento de destino 28 e un complemento específico de 22.298,41 euros/ano.
- Asignar aos 11 postos de “técnico de administración xeral” (códigos 405.01, 421.07, 422.02 (2), 426.02, 423.03 (2), 428.02, 401.05 (3)) un complemento específico de 17.763,55 euros/ano.
- Asignar aos 14 postos de “arquitecto” (códigos 421.08 (4), 426.03 (3), 423.02, 428.03, 401.03 (2), 410.01 (2), 433.02) un complemento específico de 17.763,55 euros/ano.
- Asignar ao posto de “técnico responsable de Administración electrónica” (código 409.01) un complemento específico de 22.298,41 euros/ano.
- Asignar aos dous postos de “enxeñeiro superior industrial” (código 422.03 (2)) un complemento específico de 17.763,55 euros/ano.
- Asignar ao posto de “técnico de medio ambiente” (código 401.04) un complemento específico de 17.763,55 euros/ano.
- Asignar aos catro postos de “arquitecto técnico” (códigos 421.09, 423.04 (2), 428.04) un complemento específico de 17.763,55 euros/ano.
- Asignar aos dous postos de “enxeñeiro técnico industrial” (código 422.04 (2)) un complemento específico de 17.763,55 euros/ano.
- Asignar ao posto de “técnico medio de obras públicas” (código 403.04) un complemento específico de 17.763,55 euros/ano.
- Asignar ao posto de “técnico de tesourería/xestión de ingresos (código 407.02) o nivel 26 de complemento de destino e un complemento específico de 20.931,51 euros/ano.
- Asignar ao posto de “arquiteiro” (código 436.01) un complemento específico de 15.022,41 euros/ano.”

3º) Autorizar e comprometer gasto por importe de 51.028,88 euros, con cargo á partida 1510.1210300 “FONDO DE ADECUACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO” do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, en concepto de modificación das condicións retributivas dos postos citados no apartado anterior, incluíndo na seguinte nómina que se elabore as novas retribucións e os atrasos devengados desde 1 de xaneiro de 2010.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta precedente.

24(2101).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.14 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.